



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Orientación socioeducativa para a igualdade	Código	615525021	
Titulación	Mestrado Universitario en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e Didáctica			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Arias Rodriguez, Maria Alicia Arza Arza, Neves Gabriel Fernandez, Narciso de Iglesias Galdo, Ana Maria Sanchez Bello, Ana	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es neves.arza@udc.es narciso.de.gabriel@udc.es ana.iglesias@udc.es ana.sanchez.bello@udc.es	
Web	http://www.sociologia.udc.es/es/estudios/m%C3%A1steres/m%C3%A1ster-universitario-en-pol%C3%ADticas-sociales-e-intervenci%C3%B3n-			
Descrición xeral	<p>Dende a nenez, o individuo recoñécese a si mesmo como neno ou nena, ademais, de diferenciar que actividades son adecuadas segundo o seu xénero, entendendo por adecuado a resposta ás prescricións que describen o comportamento xa sexa masculino ou feminino nunha determinada cultura. Neste ámbito cultural, é difícil percibir as nosas actitudes sexistas e por iso, transmitímolos de forma inconsciente. Estas percepcións, deberían ser analizadas e avaliadas desde a óptica educativa para incitar á reflexión persoal e á toma de decisións na liña de prácticas sociais máis equitativas. A educación debe ser considerada como unha das actividades humanas con maior transcendencia e impacto na sociedade. Ademais, está obrigada a ofrecer unha formación integral, libre e responsable, apta como preparación real para a vida diaria e que poida dar resposta ás necesidades da devandita sociedade. Esta educación, como dereito público, debería estar presidida polo principio da equidade. Para iso, as estratexias compensadoras terían que ser reforzadas para conseguir unha maior igualdade e o desenvolvemento pleno e integral do alumnado, sen renunciar á calidade educativa. Este principio debería estar garantido en todo momento por un sistema educativo que fomente unha escola inclusiva que conte cos medios e recursos necesarios para facer efectiva as finalidades establecidas.</p> <p>Para tal fin, débese de fomentar a diferenciación entre paridade e igualdade de xénero, xa que estes termos non significan o mesmo en educación. O primeiro, é un concepto puramente numérico, que implica ter a mesma proporción de nenos e de nenas no sistema educativo. O segundo, máis complicado de delimitar, significa ter a alumnos e alumnas gozando das mesmas vantaxes en termos de acceso e tratamento educacional, favorecendo a igualdade de oportunidades de maneira permanente.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	CE1 - Determinar as dimensións e categorías axeitadas para o diagnóstico e a análise científica das situacións de exclusión social.
A2	CE2 - Interpretar os feitos e as políticas sociais desde os distintos paradigmas teóricos vixentes na análise da exclusión.
A3	CE3 - Diseñar e desenvolver procesos de observación e documentación para o estudo das políticas e os sistemas de benestar social.
A4	CE4 - Recompilar e interpretar a información suficiente para chegar a diagnósticos fiables sobre os riscos de exclusión e os factores de vulnerabilidade social.
A5	CE5 - Interpretar as situacións e os procesos de marxinação social e económica de colectivos desde unha perspectiva histórica e macroestrutural.
A6	CE6 - Avaliar a capacidade e eficacia das medidas de intervención para corrir ou previr situacións e procesos de exclusión social.



A7	CE7 - Identificar e valorar a posibilidade de intervención e prevención en procesos de conflictividade social.
A8	CE8 - Identificar procesos e factores de cohesión social, e deseñar medidas para a súa potenciación.
A10	CEM2 - Dominar as principais ferramentas conceptuais e técnicas que permiten definir un colectivo e unha problemática migratoria como obxecto de estudo e análise.
A11	CEM3 - Demostrar un coñecemento avanzado e crítico sobre as teorías e os debates académicos actuais de maior relevancia sobre as dinámicas migratorias e os procesos de integración dos colectivos migrantes.
A14	CEM6 - Actuar como profesional competente e cualificado/a no ámbito da análise das migracións internacionais e do traballo con colectivos migrantes.
A15	CEG1 - Demostrar coñecementos avanzados sobre a evolución histórica da discriminación das mulleres e dos marcos ideolóxicos e teóricos que xustifican e confrontan as desigualdades de xénero.
A16	CEG2 - Dominar as ferramentas conceptuais e metodolóxicas para identificar e analizar os mecanismos de exclusión e a vulnerabilidade vinculados ás áncoras patriarcais do sistema social.
A17	CEG3 - Aplicar a perspectiva de xénero como enfoque epistemolóxico e metodoloxía de investigación e de intervención sobre a realidade social.
A18	CEG4 - Examinar contextos e situacións de violencia e discriminación de xénero e sexual desde unha perspectiva teórica complexa e comprometida.
A19	CEG5 - Explicar os principios básicos que orientan os distintos tipos de políticas de igualdade desenvolvidos e as claves para avaliar a súa eficacia.
A20	CEG6 - Actuar como profesional competente e cualificado/a no ámbito do diagnóstico, o desenvolvemento e a xestión de políticas de igualdade de xénero.
A21	CEE1 - Explicar os procesos de exclusión vinculados ás transformacións da estrutura familiar e por idades das sociedades.
A22	CEE2 - Manexar ferramentas conceptuais e metodolóxicas para a análise da vulnerabilidade asociada a formas de convivencia e a determinados grupos de idade.
A23	CEE3 - Identificar as dinámicas interxeracionais, biolóxicas e socioeconómicas que xeran situacións de exclusión.
A26	CEE6 - Actuar como profesional competente e cualificado/a no ámbito do deseño, a xestión e a avaliación de políticas de intervención dirixidas á conciliación familiar e ás necesidades dos maiores.
B1	CB1 - Demostrar coñecementos avanzados, de carácter multidisciplinar, para a investigación e o exercicio profesional no ámbito da exclusión social.
B2	CB2 - Aplicar e integrar os coñecementos a contornos e problemas emerxentes e indefinidos, na práctica investigadora e profesional.
B3	CB3 - Seleccionar o marco científico adecuado para avaliar as evidencias dispoñibles e postular hipóteses razoadas sobre a avaliación previsible dos feitos sociais estudados.
B4	CB4 - Identificar os dilemas éticos e a responsabilidade social tras os retos formulados na práctica profesional e investigadora.
B5	CB5 - Comunicar con claridade os coñecementos e problemas científicos sobre os que se traballa tanto a un público non experto como de especialistas.
B6	CB6 - Posuír e comprender coñecementos que proporcionen unha base ou oportunidade para ser orixinais no desenvolvemento e/ou a aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B7	CB7 - Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B8	CB8 - Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B9	CB9 - Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B11	CB11 - Participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas no ámbito da exclusión social, en contextos interdisciplinares e de transferencia de coñecementos.
B12	CB12 - Manter responsabilidade e compromiso co desenvolvemento profesional continuo de forma autónoma.
B13	CX1 - Comprender e integrar coñecementos complexos para traducilos en propostas de investigación e programas de intervención en contextos sociais problemáticos.
B14	CX2 - Realizar unha análise crítica da realidade social e do desenvolvemento profesional vinculada aos feitos sociais sobre os que se traballa.



B15	CX3 - Diseñar, aplicar e avaliar proxectos de investigación en ciencias sociais relacionados cos procesos e as situacións de exclusión social.
B18	CX6 - Valorar a adecuación das distintas ferramentas teóricas, metodolóxicas e técnicas ás preguntas e os obxectivos específicos formulados sobre a realidade social e as políticas sociais.
B22	CX10 - Recoñecer e valorar os xuízos de valor e as evidencias nos argumentos que sosteñen as descrições e políticas sobre a realidade social.
C1	CT1 - Reflexionar, chegar a conclusións e propoñer solucións a través do traballo en equipo.
C3	CT3 - Asumir o reto da interdisciplinabilidade no desenvolvemento do traballo investigador e profesional.
C5	CT5 - Aplicar un razoamento crítico na reflexión teórica e no desenvolvemento práctico do traballo profesional e investigador.
C7	CT7 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e a comunicación necesarias para o exercicio profesional e para a aprendizaxe continuada e autónoma.

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título		
Reflexionar acerca da situación actual das mulleres partindo do coñecemento da súa memoria histórica, así como das dificultades e retos aos que se enfrontan prestando especial atención a aquelas que presentan un maior risco de exclusión social		AM2 AM5 AM15 AM19 AM23	BM7 BM8 BM9 BM11 BM12 BM14 BM22	CM1 CM3 CM5 CM7
Reflexionar acerca da idoneidade e validez do constructo xénero, da súa transmisión a través do proceso de socialización así como da súa incidencia na creación dos estereotipos de xénero, na construción da identidade de xénero e na atribución de roles e status social.		AM6 AM7 AM8 AM11 AM14 AM17 AM18 AM21	BM1 BM2 BM3 BM4 BM5 BM13 BM18	CM1 CM3 CM5 CM7
Auto-diagnosticar a situación de partida das mulleres, valorando os factores obxectivos e subxectivos que inciden na inserción e o desenvolvemento profesional e ocupacional e na mellora da calidade de vida		AM1 AM3 AM4 AM10 AM16 AM17 AM20 AM22 AM26	BM1 BM6 BM15	CM1 CM3 CM5 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- O sistema educativo dende a perspectiva de xénero	1.1. Principios lexitimadores da desigualdade 1.2. Políticas públicas cara a igualdade no contexto educativo 1.3. A incidencia do patriarcado no sistema educativo
Tema2.- Ciencia e xénero	1.1. O androcentrismo científico 1.2. Indicadores de ciencia con perspectiva de xénero 1.3. A perspectiva de xénero nas Ciencias Sociais
Tema 3.- Acceso das mulleres ao sistema educativo: exclusión, dependencia e autonomía	Os contidos deste tema o presentará o profesorado na clase



Tema 4.- Coerción consentimento e coeducación	4.1. Neoliberalismo e libre elección 4.2. Estereotipos de xénero 4.3. Feminismo e coeducación
Tema 5.- Orientación profesional con perspectiva de xénero	5.1 Barreiras de xénero na toma de decisións académicas e profesionais e na inserción laboral 5.2 Finalidades, características e pautas para a intervención 5.3 Programas e experiencias no ámbito escolar e laboral
Tema 6.-Boas prácticas da igualdade no ámbito educativo e laboral	6.1.Análisis de experiencias y prácticas coeducativas: características e indicadores de una buena práctica; herramientas para la detección de buenas prácticas; ejemplos de experiencias de coeducación y de orientación desde una perespectiva de género 6.2.O emprendimiento das mulleres en España 6.3. A aplicación de igualdade entre mulleres e homes no deseño de proxectos para o emprego: das accións positivas ao mainstreaming de xénero

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A4 A2 B22 C5	5	5	10
Discusión dirixida	A5 A8 A11 A14 A15 A18 A19 A23 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B13 B14 B22 C1 C3 C5	15	15	30
Sesión maxistral	A2 A4 A11 A15 A18 A19 A21 B1 B4 B14 C1 C3 C5	20	20	40
Portafolios do alumno	A26 A23 A22 A21 A20 A19 A18 A17 A16 A15 A14 A11 A10 A8 A7 A6 A5 A4 A3 A2 A1 B22 B18 B15 B14 B13 B12 B11 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C3 C5 C7	20	20	40
Actividades iniciais	A3 A4 A7 A8 A11 A15 A18 A19 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B13 B14 C1 C3 C5 C7	20	0	20
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	O obxecto da análise documental son os programas e accións de orientación educativa e profesional destinados a distintos colectivos e contextos
Discusión dirixida	Tras a lectura e análise dun texto de actualidade científica se desenvolverá unha discusión sobre as distintas perspectivas argumentais



Sesión maxistral	Clase impartida polos profesores sobre os contidos xa citados na guía docente . Esta metodoloxía utiliza exclusivamente a palabra como vía de transmisión da información a todo o grupo. Pero o profesor/a facilitará ao alumnado material en power point (a través de moodle) para facilitarlle o seguimento da exposición. Neste material en power point o alumnado/a terá referencias bibliográficas para consultar ou, tamén, para completar ou seguir a exposición do profesor/a
Portafolios do alumno	O alumnado debe presentar (tanto ou presencial como non presencial) un documento en onde se recopile a información traballada en clase ou a través de moodle e todo aquilo que o profesor de cada parte indique. O profesorado da materia avaliará a carpeta correspondente a cada unha das súas seccións. Este portafolios será entregado no mes de xaneiro. Se habilitará unha aplicación en moodle para que o alumnado suba dito documento
Actividades iniciais	Esta metodoloxía pretende identificar o nivel de coñecemento do alumnado sobre a temática e o ámbito de intervención do seu interese (escolar, labora, etc...)

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Análise de fontes documentais</p> <p>Actividades iniciais</p> <p>Discusión dirixida</p> <p>Portafolios do alumno</p>	<p>Na atención personalizada o profesorado resolverá as dúbidas que teña o alumno sobre os diferentes temas a traballar na materia. Pero ademais calquera dúbida que poida xurdir para a análise de fontes documentais, na discusión dirixida., na simulación e actividade inicial. Durante estas sesións, realizarase un seguimento do traballo do alumno, supervisando e orientando máis directamente o proceso para seguir en cada unha das actividades realizadas.</p> <p>Esta atención personalizada realizarase no despacho do profesorado no horario de titorías. Este horario está colgado no taboleiro que está no despacho do profesor, na páxina web do departamento como da Facultade de Ciencias da Educación.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	<p>A26 A23 A22 A21</p> <p>A20 A19 A18 A17</p> <p>A16 A15 A14 A11</p> <p>A10 A8 A7 A6 A5 A4</p> <p>A3 A2 A1 B22 B18</p> <p>B15 B14 B13 B12</p> <p>B11 B9 B8 B7 B6 B5</p> <p>B4 B3 B2 B1 C1 C3</p> <p>C5 C7</p>	<p>Con esta metodoloxía o que se pretende e que o alumnado que curse esta materia recopile todo o que se traballe para a comprensión dos conceptos de esta materia. Para elo cada profesor antes de cada clase indicará ao alumnado o que debe incorporar da súa parte en esta metodoloxía. Polo tanto, esta documentación constará de cinco partes ou carpetas. Algunhas de esas carpetas ou partes poden ser comúns para algún profesorado (esto o indicará cada profesorado).</p> <p>Todo este documento será entregado no mes de xaneiro. Ao inicio da materia indicaráse ao alumnado a data de entrega do mesmo. A entrega será a través de moodle, para iso habilitaráse un espazo e determinarase o tempo de entrega. Cada profesor avaliará a súa parte. Debe terse todas as partes superadas para que se supere dita materia. Si non se presenta algunha parte ou non se supera algunha parte se suspende toda esta metodoloxía.</p>	100

Observacións avaliación



O alumnado que non asista a clase ou que non poda realizar algunha das actividades organizadas polo profesorado na clase, as pode seguir a través de moodle. Nesta aplicación aparecerá que actividades deben ser completadas polo alumnado non asistente ou que non poida realizar algunha das actividades planificadas.

Para poder levar un mellor aprendizaxe o alumnado debe comunicar ao profesorado a súa non asistencia para que o profesorado lle indique que actividade de moodle debe realizar.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Gabriel, N. de (2013). ?A educación das mulleres no século XIX: exclusión, dependencia e autonomía?. Sarmiento, 16, 7-35
- Acedo, G (2012). Formación y Orientación laboral. Madrid: Anaya Multimedia
- Acker, J., Barry, K., and Essveld, J. (1983). Objectivity and truth: Problems in doing feminist research.. Women´s Studies, 6, no. 4: 423-435.
- Acker, S (1989). Teachers, gender and careers. London: Lewes Falmer,
- Álvarez, J. (2014). Acción tutorial y orientación: aceptación, compromiso, valores: una propuesta de estilo para la intervención de tutores y orientadores.. Bilbao: Desclée de Brouwer.
- APPLE, M (1996). Cultural politics and education. . New York: Teachers College Press.
- APPLE, M (2006). Educating the "right" way: Markets, standards, God, and inequality. 2nd edition.. New York: Routledge.
- Askew, S. and Ross, C. (1991). Los chicos no lloran. el sexismo en educación.. Buenos Aires: Paidós.
- Bisquerra, R. (coord.) (2008). Modelos de orientación e intervención psicopedagógica.. Bilbao: Wolters-Kluwer
- BOURDIEU, P. (2000). La dominación masculina. . Barcelona: Anagrama
- Botherton, F (2013). Manual de orientación. Badalona: Paidotribo
- Caldas, Mª E. (2014). Formación y orientación laboral. . Madrid: Editex
- Cirillo, L. (2002). Mejor huérfanas. por una crítica feminista al pensamiento de la diferencia.. Barcelona: Anthropos
- Cobos, A (2012). La orientación profesional y la búsqueda de empleo: experiencias innovadoras y técnicas de intervención que facilitan la inserción laboral.. Barcelona: Graó
- CONNELL, R. (1996). Masculinities.. Cambridge: Polity Press.
- CONNELL, R. (2000). Male roles masculinities and violence: a culture of peace perspective.. París: Unesco
- Fernández Riquelme, S (2010). La Mediación social: itinerario histórico de la resolución de conflictos sociales. Contribuciones a las Ciencias Sociales. . Contribuciones a las Ciencias Sociales. Documento en línea:www.eumed.net/rev/cccss/07/sfr.htm
- Gabriel, N. de (2013). "A educación das mulleres no século XIX: exclusión, dependencia e autonomía";, S. Sarmiento, 16, 7-35.
- Gabriel, N. de (2014). "The entrance of women into the teaching profession in Spain (1855-1940)";, History of Education 43(3), 334-354.
- Gallego, S. y Riart, J (2006). La tutoría y la orientación en el siglo XXI: nuevas propuestas.. Barcelona: Octaedro.
- Harding, S. (1996). Ciencia y feminismo. Madrid: Morata.
- Harding, S. (1993). Rethinking standpoint epistemology: What is ?strong objetivity?. In Feminist Epistemologies and Value, ed. L. Alcoff and E. Potter, 49-82. London: Routledge. Igles
- Harding, S. (1993.). Rethinking standpoint epistemology: What is ?strong objetivity?. In Feminist Epistemologies and Value, ed. L. Alcoff and E. Potter, 49-82. London: Routledge.
- Iglesias, A. e Ballarín, P. (2013). ?El mito del ?éxito? escolar de las chicas?. Revista Sarmiento, Anuario Galego de Historia da Educación, 17, 67-82.
- Martín, E, Mauri, T (coords.) (2011). Orientación educativa: atención a la diversidad y educación inclusiva. . Barcelona: Graó
- Mañeru, A (2001). La diferencia sexual en la educación. In Educar En Femenino y En Masculino. N. Blanco, 131-143. Madrid: Akal.
- McRobble, A (2010). ?¿Las chicas arriba?. Las mujeres jóvenes y el contrato sexual posfeminista?. Debate Feminista, 21(41), 113-135.
- Miedzian, M. (1995). Chicos son, hombres serán. cómo romper los lazos entre masculinidad y violencia. Madrid: Horas y Horas.
- Nuñez, C., Carpintero, E., García, M., Serrano, S. y Ordóñez, X. (2011). Comprender la Orientación Educativa: manual de prácticas. Madrid: Catarata.
- PARASKEVA & Jurjo TORRES, (edit) (2012). Globalism and power. Iberiam educational and curriculum policies. Peter Lang
- Piussi, A. (2001). El sentido libre de la diferencia sexual.. Cuadernos De Pedagogía, 306, , 57-61.
- Piussi, A. and Mañeru, A (2006). Educación, nombre común femenino. Barcelona: Octaedro.



- Piussi, A. (1989). Educare nella differenza.. Turin: Rosenberg & Sellier
- Riart, J. (coord.) (2007). Manual de Tutoría y Orientación en la Diversidad. Madrid: Pirámide.
- Río Sardonil, D. del, y Martínez González, M.C. (2007). Orientación Educativa y Tutoría. . Madrid: Sanz y Torres.
- Rodríguez, M^a. L (2011). Orientación profesional no sexista: teoría y práctica.. Saarbrücken: Editorial Académica Española
- Rodríguez, C. (2001). Investigaciones sobre las desigualdades de género en el sistema educativo. In Un Acercamiento . a Los Estudios De Género. A.A.V.V., 121-154.Valencia: Germania.
- Santana, L. E (2013). Orientación profesional. Madrid: Síntesis
- Sobrado, L, Fernández, E y Rodicio, M^a.L (coords.) (2012). Orientación educativa: nuevas perspectivas. . Madrid: Biblioteca Nueva.
- TORRES, J. (2009). "The Trojan Horse of curricular contents". in Michael APPLE and Luis Armando GANDIN (Edit.). The routledge international handbook of critical e
- TORRES, J. (1998). El curriculum oculto. Madrid: Morata
- TOURAINE, A. (2006). El mundo de las mujeres.. Barcelona: Paidós
- Varela, J., Parra, P. e Val Cubero, A. (2016). Memorias para hacer camino. Madrid: Morata.
- VVAA. (2010). Conciliación de la vida laboral, familiar y personal. Implantaciones de planes de igualdad en organizaciones laborales. Materiales divulgativos. Madrid: Ministerio de igualdad y Fundación Mujeres.



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Políticas de igualdade/615525022

Historia das teorías feministas/615525017

Xénero, traballo e coidados/615525018

Xénero e sexualidade. Desafíos e respostas/615525019

Distintas formas de violencia contra as mulleres/615525020

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase vos envíos dous traballos telemáticamente e de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Deber facer un uso sostible dous recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Deber ter en conta a importancia dous principios éticos relacionados cos valores da sosenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías